



SOBRE OS MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN - O QUE DEBEMOS TODOS SABER-

Ante a inquietude que nalgúns comuneiros/as xeraron as opinións (a maior parte das veces disfrazadas de pretendida información manifestamente falsa) aparecidas nos últimos meses sobre a natureza xurídica dos Montes Veciñais en Man Común, o seu destiño e aproveitamentos, temos que recordar que:

1- Os Montes Veciñais en Man Común non son montes públicos nin de uso público. Antes o contrario, son montes privados nos cales a súa lexítima propiedade pertence de forma exclusiva ós veciños comuneiros. Da mesma forma en que os montes de particulares, colindantes ou enclavados no monte comunal, pertencen privada e privativamente ós seus titulares, quenes están igualmente vendo cómo se pretenden vulnerar os seus dereitos con tales manifestacións, e carecen dunha entidade ou voz pública que os defenda.

O Monte Veciñal en Man Común é de todos os comuneiros.

2- Os recursos forestais dos Montes Veciñais en Man Común, en toda a súa extensión comprensiva tanto de produtos como de servizos do monte, non son públicos nin de uso público. Son propiedade exclusiva dos seus titulares: os veciños comuneiros.

Por elo, e debido ó interese mostrado por diversos entes municipais ou autonómicos para a procura de espazos de disfrute recreativo de monte aberto ó resto de cidadanos, gran número de Comunidades de Montes Veciñais alcanzaron acordos con devanditos organismos para a creación de parques forestais abertos a tal uso recreativo por calquera persoa, sexa ou non veciño comuneiro, os cales se atopan debidamente sinalizados.

3- As pistas forestais e camiños de servizo dos Montes Veciñais en Man Común non son públicos nin de uso público. Son estruturas adscritas á xestión agroforestal e ó servizo dos veciños e titulares de terreos colindantes ou enclavados no Monte Veciñal.

Igualmente, e en atención ó uso recreativo interesado por diversos entes e asociacións, gran número de Comunidades de Montes Veciñais, de forma conxunta ou individualizada, alcanzaron acordos cas administracións e entes organizadores para á habilitación de rutas (GR, PR, etc) destiñadas a tal uso recreativo por calquera persoa, as cales se atopan tamén debidamente sinalizadas.

4- Como titular exclusiva dos servizos do seu monte, cada Comunidade de Montes Veciñais pode dispor libremente o destiño dos mesmos, así como conceder as autorizacións que estime oportunas para a práctica ou celebración de actividades e eventos de todo tipo que sexan compatibles co uso do monte, incluíndo os deportivos, sen que as mesmas podan supor unha excusa para a realización de usos non especificamente autorizados ou por persoas non autorizadas.